



ANUNCIO

Faise público que en sesión do 21 de outubro do 2024 o tribunal de selección dos procesos selectivos para a creación dunha lista de aspirantes a arquitecto/a e outra de arquitecto/a técnico/a segundo as bases aprobadas mediante as Resolución da alcaldía 923/2024 modificada por Resolución da alcaldía 1108/2024 e 1127/2024 e nomeado mediante Resolución de alcaldía 1283/2024 do 01.10.2024 acordou:

PRIMEIRO.-Conceder a Luisa María Aba Garrote un prazo de 2 días hábiles para que achegue un certificado expedido por funcionario competente ao efecto con indicación expresa das funcións da praza de técnico de urbanismo, de alegar o seu cómputo, así como un certificado expedido por funcionario competente que acredite se os períodos computados na vida laboral dende o 01.07.2009 corresponden ao posto de arquitecta superior con data de toma de posesión o 01.07.2009 e, en caso contrario, as actas de posesión ou nomeamento ou certificado expedido por funcionario competente ao efecto da experiencia alegada con data de alta na vida laboral de 28.03.2012 e 25.08.2014.

A dita emenda concédese atendendo ás alegacións presentadas, recolléndose a motivación na acta da sesión segundo segue:

“No prazo concedido para alegar, presentaron alegacións as seguintes persoas alegando o que segue:

-Luisa María Aba Garrote: considera que non se lle valorou ben a experiencia xa que “dende o día 15 de abril de 2005 ao día de presentación da solicitude, son 19 anos e 3 meses, que representan 231 meses”.

O tribunal fixo a seguinte valoración: “Concello Arteixo $2.539/30=84$ meses $*0,25=21$ ”

Esta valoración provén do sumatorio de $1538+1001$ días de dous períodos de contratación.

Esta valoración, non obstante, debe ser rectificada, xa que o tribunal acordou valorar cada período de contratación/nomeamento por separado, polo que se acorda rectificar, inda que sen incidencia no resultado final, debendo computarse como segue:

Concello Arteixo: 1538 días/ $30=51*0.25=12.75$

1001 días/ $30=33*0.25=8.25$

Total puntos: 21”

Debe terse en conta que, tal e como acordou o tribunal e deriva das propias bases do proceso, “Os méritos do proceso selectivo para arquitecto/a técnico/a relativos á experiencia laboral valoraranse como data máxima ata o 12.09.2024 inclusive, data referida a último día de presentación de instancias, mentres que os relativo ao proceso de arquitectura superior terán como límite o 05/09/2024 inclusive.”

Debe terse en conta ao respecto que o informe de vida laboral da alegante ten como data 17/07/2024, polo tanto, é só ata esta data que se acredita prestación de servizos, xa que non achegou ningunha outra documentación acreditativa da continuación do servizo na data de presentación de instancias, polo que non procede, en fase de alegacións achegar un novo informe de vida laboral no que sustentar maior prazo computable de experiencia.

Así, atendendo á relación de méritos que alega na súa instancia de participación pretende que se lle valoren servizos dende o 18.06.2001 ata o 17.07.2024, dado que no prazo ampliado derivado da modificación dos méritos non achegou nova instancia nin documentación.

Na súa alegación di : “En relación aos méritos a valorar, como funcionaria acheguei copia da toma de posesión, en data 15.04.2005 como funcionaria interina do posto de ARQUITECTA SUPERIOR, e a toma de posesión posterior como funcionaria de carreira o 1.07.2009 xunto a



certificación de vida laboral acreditativa de ditos servizos e expedida pola tesourería xeral da seguridade social.

Do cálculo aos efectos da aplicación da base SÉTIMA da convocatoria, dende o día 15 de abril de 2005 ao día de presentación da solicitude, son 19 anos e 3 meses, que representan 231 meses.”

Estes dous nomeamentos constan acreditados e na vida laboral. O do 15.04.2005 con 1.538 días e o do 01.07.2009 con 1.001 días, xa que este último ten data de remate o 27.03.2012, resultando, polo tanto, un total de 2539 días, que son os valorados polo tribunal. Ambos dous nomeamentos son acreditados con dúas actas de toma de posesión.

A partir desa data, consta nova alta de 28.03.2012 ata o 24.08.2014 e outra sen baixa dende o 25.08.2014, que non constan acreditadas mediante acta/nomeamento ou certificado de servizos. O período anterior ao 15.04.2005 é en calidade de delineante ou técnico de urbanismo, sen que conste neste último as funcións desempeñadas propias da arquitectura superior.

Polo tanto, dado que non se fixo requirimento de emenda, cómpre concedelo para que se achegue no prazo de 2 días hábiles un certificado expedido por funcionario competente ao efecto con indicación expresa das funcións da praza de técnico de urbanismo, de alegar o seu cómputo, así como un certificado expedido por funcionario competente que acredite se os períodos computados na vida laboral dende o 01.07.2009 corresponden ao posto de arquitecta superior con data de toma de posesión o 01.07.2009 e, en caso contrario, as actas de posesión ou nomeamento ou certificado expedido por funcionario competente ao efecto da experiencia alegada con data de alta na vida laboral de 28.03.2012 e 25.08.2014.”

SEGUNDO.-Desbotar as alegacións de José Ramón Díaz Barbeito e María Belén Lamas Pardo conforme ao recollido na acta da sesión que transcrito literalmente di:

G-0
09E
15I
P-
E-
CT

“José Ramón Díaz Barbeito: alega “Na documentación presentada polo firmante existe plena coincidencia entre a vida laboral e o certificado, do Concello de Cambre, achegados, polo que, tal como figura no primeiro, os períodos de experiencia alegados son: 162, 904, 1079 e 1461 días, do que resulta un total de 3.606 días.

Dividindo estos días por 30, resultan un total de 120 meses computables, e aplicando o baremo que figura na anteriormente mencionada base (Por cada mes de experiencia na Administración Local galega: 0.25 puntos/mes) resulta un total de 30 puntos.

2. A vista do anterior, e tendo por presentada a presente alegación en tempo e forma, solicito a modificación do baremo publicado efectuando a corrección da puntuación que se me otorga, substituindo os 29,5 puntos otorgados polos 30 calculados aquí.”

O tribunal fixo a seguinte valoración:

“Cambre:
 $162/30=5*0.25=1.25$
 $904/30=30*0.25=7.5$
 $1079/30=35*0.25=8.75$
 $1461/30=48*0.25=12$
Total: 29.5”

Todas as persoas foron valoradas do mesmo xeito, valorando cada contratación/nomeamento e dividindo os días de cada unha entre 30. Non se procedeu a sumar todos os días de todas as contratacións/nomeamentos e logo o resultado dividilo entre 30 como fai o alegante. A valoración, polo tanto, é correcta e fíxose co mesmo criterio para todas as persoas aspirantes, garantíndose un tratamento igualitario.

-María Belén Lamas Pardo: alega “Con data 16/10/2024 publicase no taboeiro de anuncios a “baremación definitiva” dos méritos aportados, otorgándolle a esta aspirante 29,75 puntos, concedendo un prazo dun día hábil para formular reclamacións ou alegacións respecto dos resultados ou cualificacións obtidos.

TERCEIRO:

Esta aspirante aportou o certificado de servizos prestados do Concello de Betanzos, non consoante coa vida laboral da traballadora, onde constan como períodos de cotización, os días de vacacións non disfrutadas.

Unha vez visto o erro, solicitouse á citada Administración Local, emitise un novo certificado computando os días de vacacións non disfrutadas, segundo se postulou o Tribunal Supremo o pasado 28 de febreiro, establece que os días de vacacións non disfrutadas, **deben ser recoñecidos como tempo de servizos prestados** polos diferentes servizos:

“Pues bien, si debe o no debe computarse el tiempo de vacaciones como servicios previos entra, sin duda alguna, dentro de la noción de condiciones de trabajo. Forma parte del conjunto de



derechos y deberes que para el trabajador dimanen de su relación laboral y, en particular, de las legítimas expectativas que son inherentes a la misma".

O texto, engade:

"A la vista de lo expuesto, la respuesta a la cuestión de interés casacional objetivo es que resulta discriminatorio para el personal temporal en relación con el personal fijo que no se compute el tiempo de vacaciones compensadas económicamente como tiempo de servicios prestados".

Computando os días a maiores, non tidos en conta, darían lugar a **30,25** puntos.

Por todo elo, dentro do prazo de enmedas de dous días, **APORTO:**

NOVO CERTIFICADO DE SERVICIOS PRESTADOS EN EL CONCELLO DE BETANZOS

E, por último, **SOLICITO** a modificación da baremación, consoante coa solicitude aportada, o novo certificado de servicios prestados e a vida laboral."

As bases do proceso indican que xunto coa solicitude de participación inescusablemente había que presentar unha "Relación dos méritos alegados conforme ao modelo de instancia incluído nestas bases xunto con copias dos documentos que acrediten os méritos alegados conforme se indica na base sétima. Os méritos deberán relacionarse de forma detallada ou ben incluír unha relación á parte na que se liste cada un dos méritos que se presentan para a súa valoración".

Na relación de méritos a alegante non solicita a valoración do período de vacacións nin o documenta como se require, polo que o que está a facer na alegación é unha solicitude ex novo e pretender pola vía da alegación ampliar o prazo de presentación de méritos a valorar.

Non obstante, tendo en conta a forma de valorar do tribunal, a puntuación incluíndo os 9 días de vacacións que reclama non variaría a puntuación final (xa que o cómputo do período do nomeamento que reclama supón un total de 8 meses con independencia do tempo de vacacións non desfrutadas), xa que todas as persoas foron valoradas do mesmo xeito, valorando cada contratación/nomeamento e dividindo os días de cada unha entre 30. Non se procedeu a sumar todos os días de todas as contratacións/nomeamentos e logo o resultado dividilo entre 30."

G-0
096
150
P-
E-
C.A.

TERCEIRO.- Elevar á alcaldía a seguinte lista das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo para a creación dunha lista de aspirantes a postos/prazas de arquitecto/a técnico/a para a súa aprobación, logo de realizar o sorteo previsto nas bases:

Lista arquitecto/a técnico/a

NÚM.	APELLIDOS E NOME	PUNTUACIÓN
1.	Rabuñal García, María Josefa	5.10
2.	Fernández Blancafort, María	4.25
3.	Piñeiro Otero, María del Mar	4
4.	López Lado, Sabela	2.55
5.	González Álvarez, Diego	0
6.	Piñeiro Carballo, María Elena	0
7.	Lamas Domínguez, Jose Andrés	0
8.	Castro Sánchez, Miriam	0
9.	Lourido Romero, José Manuel	0
10.	González Roma, Emilio	0
11.	Porta Ardá, María Ariadna	0
12.	Yañez Casal, María Carmen	0
13.	Díaz Anoeta, Alejandro	0



CUARTO.-Facultar á secretaria do tribunal para que, no caso de que Luisa María Aba Garrote non aporte emenda no prazo concedido, a lista conformada na sesión para o proceso para crear unha bolsa de postos/prazas de arquitectura superior sexa anunciada como definitiva e elevada á alcaldía para a súa aprobación.

Asinado dixitalmente pola secretaria do tribunal Estefanía Manteiga Lamas.

0-G
366
150
P-
E:
C.I.